

CIG-Saúde non apoia as convocatorias da folga médica que reclaman un “Estatuto propio” e a fin da dedicación exclusiva a Sanidade Pública.

Hai condicións de traballo que **non se negocian no Estatuto Marco**, que son competencia dos servizos de saúde de cada comunidade e, polo tanto, **non van cambiar despois desta folga**.

A sobrecarga e a burocratización en Atención Primaria	✗
O propio modelo de Atención Primaria	✗
As substitucións das/os médicas/os ausentes	✗
O número de pacientes por médica/o	✗
O modelo de organización dos Hospitais	✗
A organización das xornadas de traballo con xornada+gardas	✗
A regulación da xornada de traballo de cada ámbito profesional	✗

O que si se pode negociar no Estatuto Marco:

O número máximo de horas de traballo continuado	✓
A xornada máxima semanal	✓
As retribucións básicas	✓
A existencia, ou non, dun complemento retributivo para o traballo en exclusiva para a sanidade pública	✓
A exixencia, ou non, da dedicación exclusiva nalgúns postos	✓
A clasificación profesional e dotar a esa clasificación da correspondente retribución	✓
A regulación da xubilación anticipada e parcial	✓




CIG-Saúde defendemos melloras reais das condicións laborais do persoal médico e de todo o persoal sanitario e non sanitario, pero non compartimos unha folga que:

- **Non defende a sanidade pública**, CIG-Saúde entendemos que o seu reforzamento é vital para mellorar as condicións laborais.
- **Divide ao persoal**, CIG-Saúde defendemos que os dereitos de uns colectivos non limitan os de outros.
- **Serve a intereses corporativos e da sanidade privada**, CIG-Saúde defende a dedicación exclusiva e a clara separación entre a sanidade pública e a sanidade privada.



QUE DEFENDE CIG-SAÚDE

- Xornada máxima de 35 horas semanais.
- Descansos, conciliación e fin da precariedade.
- Clasificación profesional xusta, sen privilexios.
- Retribucións dignas para todo o persoal.
- Xubilación anticipada e parcial.
- Sanidade pública, dedicación exclusiva e dereitos para todas e todos.



Para CIG-Saúde o texto acordado entre o Ministerio de Sanidade e outras organizacións sindicais non cumpre cos obxectivos que nos marcamos no inicio da negociación.

Para defender os lexítimos dereitos das e dos médicos e facultativos non se precisa dun estatuto propio, o que se precisa e defender eses dereitos nos ámbitos onde son vulnerados.

